

## O Parlamento de Galicia declara loito oficial polo falecemento do deputado Carlos López Crespo

- Santalices destaca o compromiso de López Crespo, do que subliña a súa “vocación de servizo e entrega sen límite na procura do ben común”

**Santiago, 21 de maio de 2018.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, manifesta o seu pesar polo falecemento do deputado Carlos López Crespo.

O titular do Lexislativo galego desprazarase durante a xornada de hoxe ao tanatorio para trasladar persoalmente o seu pésame á familia do deputado falecido e poñerse á súa disposición.

Santalices Vieira destaca o “intenso compromiso de López Crespo en cada unha das responsabilidades institucionais que exerceu ao longo da súa vida política, na que destacou pola súa vocación de servizo e a entrega sen límite na procura do ben común”.

O Parlamento de Galicia declarou loito oficial polo falecemento do deputado. Desde esta mañá, as bandeiras ondean a media hasta no Pazo do Hórreo en sinal de pesar.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.